

# arquitectura dende a paisaxe

IMPLANTACIÓN DE DESENVOLVEMENTO PECUARIO E INVESTIGACIÓN NA BARBANZA

TALLER A. TFM 2019/2020  
alicia casanova adán




Como primeira aproximación ao territorio preténdese poñer en valor a importancia dos camiños da zona, xa que é a única maneira para poder percorrer cada un dos lugares tan interesantes e diversos que nos aporta a Península da Barbanza polo que se decide analizar todos os percursos que se poden realizar por ela, tanto a pé como en bicicleta ou a caballo.

A través deles podemos confirmar a súa importancia xa que tanto existen percorridos de carácter máis urbano, que conectan distintos núcleos, como o percorrido pola propia serra, de maior dificultade cós anteriores, para que aqueles aventureiros e amantes da natureza poidan disfrutar da enorme variedade de paisaxes que se atopan nesta península; pero tamén atopamos rutas intermedias que, maioritariamente, conectan os núcleos máis urbanos con puntos de gran interese, sendo estes:


- Praís e dunas como as de Corubedo, as cales ofrecen a posibilidade de interaccionar co medio mariño, podendo disfrutar de deportes acuáticos, ou ben pasear só pola beira do mar.
- Restos arqueolóxicos abundantes na península, podemos atopar dende castros totalmente visibles e visitables como o Castro de Baraña, o Dolmen de Axeitos, e gran cantidade de mámoas e petróglifos, aos que se unen outros restos como unha antiga calzada romana, que conta, mesmo, cunha ruta através dela.
- Espazos naturais de ríos, como poden ser as Pozas do Río Pedras, de gran interese e ata as cales chegan varias rutas de senderismo.
- Miradores como A Pedra da Ró ou o da Curota, os cales nos invitan a contemplar toda a ría dende un alto, así como a paisaxe de serra.

Esta pequena aproximación á cantidade de oportunidades da Península, leva a pensar na opción de crear un novo percorrido, o cal se situará na zona do Outeiro do Raposo, área que recolle moitos dos anteriores elementos citados e que polo tanto contribúen a aumentar o seu valor. Propóñese aproveitar o lugar, podendo percorrilo a través do propio proxecto e non ficando nun único punto do espazo, senón que a propia intervención se faga co lugar e que este tamén estea presente en todo momento na arquitectura, ou ben polo propio percorrido, polos materiais, polas vistas ou pola interacción dos volumes co medio.

- Miradores
- Rutas
- Ríos
- ▲ Dicos importantes
- Praís
- Pozas naturais
- Castros
- Mámoas
- Dólmenes
- Petróglifos
- Restos arqueolóxicos
- Pedras
- Calzada Romana



Península da Barbanza e os seus elementos característicos e: 1/65000



Piano emprazamento do estado actual e muro

**A ELECCIÓN DO LUGAR:**  
Situáse na zona do Outeiro do Raposo, por debaixo da estrada que dá acceso ao Monte dos Forcados.


- Zona moi protexida do vento respecto a outros puntos do mesmo Outeiro, debido a situarse a cotas inferiores deste e que as montañas próximas fagan de barreira neste lugar.
- Zona soleada durante todo o día, dende o amencer ata o solpor. Esta zona conta con soleamento continuo, sen ser interrompido por grandes elevacións do terreo ou de vexetación, polo que o aproveitamento de luz e calor natural é case o óptimo.
- Zona libre de pasto, situando o proxecto na área de máxima pendente, coa característica de estar nun solo maioritariamente pétreo, con escasa masa vexetal, polo que as zonas de pasto quedan no seu estado orixinal, para que así o gando poida servirse dela. Estas zonas están situadas nas bogadas da zona, aos laterais da área escollida.
- Zona alonxada dos restos arqueolóxicos
- Zona con viario existente próximo

**PERCORRIDO POLO CAMIÑO**


O punto de partida deste camiño ten lugar na infraestrutura actual que enlaza o monte dos Forcados coa estrada que sobe dende a costa, pasando pola Curota. Este punto tratarase como unha continuación da propia estrada, pero dando lugar a un camiño de menores dimensións, no que, en certo momento, cambia notoriamente a súa dirección e enfoca ao viandante cara á zona do proxecto. Toda ela enlazada polo mesmo percorrido.

O camiño segue presente en todo o ámbito do proxecto, e moitas veces este é acompañado de valados e muros, que enfatizan a súa presenza, como por exemplo nos puntos nos que aparecen construcións, sendo muros máis altos e de maior potencia, podendo, mesmo, dar a sensación de adentrarse nel, en certos momentos clave, mentres que noutros será un elemento de acompañamento con menor presenza na paisaxe.

O percorrido remata dunha maneira máis dispersa, sendo como punto final o cumo dos cabalos, que deixa o percorrido aberto, para que tanto animais coma persoas poidan decidir se quedar ou seguir percorrendo a zona, e que eles mesmos tomen a decisión de por onde, podendo enlazar con outros camiños ou ben descubríndolo e creando uns novos.



Piano emprazamento do proxecto



ESTAR e DESCANSO . Plantas

1/250

CABALOS. Planta

1/250

ESTAR. Alzado lonxitudinal Sur

ESTAR. Sección transversal Cocina

1/250

DESCANSO. Alzado lonxitudinal Sur


DESCANSO. Sección transversal Cuartos-aseos

1/250

CABALOS. Alzado lonxitudinal Oeste

CABALOS. Sección transversal Curro

1/250



Maqueta da proposta 1/400